



Concello do Porriño



## TRÁMITE DE AUDIENCIA AOS INTERESADOS

**EXPEDIENTE 5974/2022.**

**ASUNTO: Recurso de Alzada interposto polo opositor Francisco Javier Rodríguez Robles no proceso selectivo de estabilización de emprego temporal para a cobertura de prazas da OEP/2022 do concello de o Porriño.**

Escrito rexistrado de entrada con núm. 2024-E-RC-476, en data 07/06/2024, formulado por FRANCISCO JAVIER RODRÍGUEZ ROBLES, con DNI núm. \*\*\*7002\*\*, mediante o cal interpón "RECURSO DE ALZADA contra a resolución das listas definitivas de aprobados do tribunal do proceso selectivo de estabilización de emprego temporal para a cobertura de prazas da OEP 2022, polo sistema de concurso oposición do concello de o Porriño, remitida ao recorrente e data 10/05/2024, tras haber sido publicadas o 05/04/24 e haberse feito alegacións o día 8/4/24, onde se desestima a alegación do Sr. Rodríguez Robles solicitando que se lle teña conta méritos no incluídos na puntuación definitiva manténdose a puntuación outorgada na fase de concurso".

O recorrente logo de expoñer os feitos e consideración de fondo que estimou oportunas no citado recurso de alzada, remata SOLICITADO:

*"Que, se admita este escrito e se teña por formulado e presentado RECURSO DE ALZADA contra a resolución do Tribunal do proceso selectivo de estabilización de emprego temporal para a cobertura de prazas da OEP 2022 e tras os trámites oportunos, se dite resolución pola que se deixe sen efecto a mesma, ditando unha nova na que se recoñeza que o traballador solicitante ten dereito a que se lle valoren os méritos polos servizos prestados no concello de O Porriño cun incremento de puntuación de forma que sumados os méritos a puntuación quedaría na fase de concurso 38,8 = total 77,3 sendo a cuarta mellor nota e por isto, outorgándosele un praza das sacadas a concurso."*

De conformidade co establecido no artigo 118 da Lei 39/2015 do 30 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas aos efectos de dar audiencia aos interesados, e de conformidade co previsto no artigo 45.1. da dita Lei, ao tratarse dun procedemento selectivo, procédese á publicación do presente acto no taboleiro da Sede Electrónica e no taboleiro físico de Edictos do Concello de O Porriño e na páxina web municipal [www.oporrino.org](http://www.oporrino.org), a fin de que os interesados poidan ter coñecemento do devandito recurso e dispoñan dun prazo de DEZ DÍAS hábiles a contar dende o día seguinte ao desta publicación, para achegar as alegacións e documentos que estimen oportunos, ante a Sr. Alcalde do Concello do Porriño.

O expediente estará a disposición dos interesados para consulta e obtención de copia (previa exacción da taxa correspondente) no departamento de persoal sito nas oficinas xerais da Casa do Concello sito na rúa Antonio Palacios nº 1, en horario de atención ao público de 9,00 horas a 14:00 horas.

**Documento asinado electrónicamente na marxe.**

**Concello do Porriño**

C/ Antonio Palacios, 1, Porriño, O. 36400 (Pontevedra). Tfno. 986335000. Fax: 986330579

MANUEL ALEJANDRO LORENZO ALONSO (1 para 1)  
Alcalde do Porriño  
Data de Sinatura: 10/06/2024  
HASH: 0dd38406fcb0caada9d17242b5f



Cod. Validación: 3ZC5E5R3KATH5XP72E77Y7ZF  
Corrección: <https://oporrino.sedelectronica.gal/>  
Documento asinado electrónicamente desde a plataforma xesiona.esPublico | Páxina 1 a 1

